



MOCIÓN DE URXENCIA:

MEDIDAS PARA MELLORAR O PUNTO LIMPO E PROMOVER A RECICLAXE.

Dona Teresa Rey Pazos, Concelleira do Grupo Mixto por Veciños de Padrón, presenta para ser tratada e votada por razones de urxencia no Pleno da Corporación a celebrarse o día 25 de xaneiro de 2018, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A reciclaxe debe de ser unha actividade cotiá entre veciñanza, xa que o medio ambiente non é unha fonte inesgotable de recursos e debemos velar por que estes cheguen ás xeracións futuras. Só así conseguiremos un desenvolvemento sustentable.

Camiñando neste sentido creáronse os “puntos limpos” nos Concellos, entre eles o de Padrón. Os obxectivos principais dun “punto limpo” son: evitar a vertedura incontrolada daqueles residuos que non poden ser eliminados a través dos servizos convencionais de recollida de lixos urbanos, fomentar a separación en orixe dos residuos, e aproveitar os materiais contidos nos residuos que sexan susceptibles de ser valorizados, conseguindo o maior aforro enerxético e de materias primas e reducíndose o volume de residuos a eliminar.

Non podemos tampouco esquecer que un bo funcionamento do “punto limpo” evita que a cidadanía deposite os residuos en lugares indebidos como son os montes e ríos do Concello e da zona , provocando así danos medio ambientais máis severos e que adoitan ter solucións máis complicadas e custosas (sirva de exemplo o vertedoiro ilegal do río Ulla).

No punto limpo do Concello de Padrón desde hai uns meses limitáronse as cantidades a depositar sendo estas, ao noso entender, moi restritiva. Por exemplo establécense unhas cantidades máximas anuais cando consideramos que, de poñer algunha limitación, debería ser como moito mensual; ou en canto aos aceites de usos doméstico que se restrinxen a 5kg por entrega o cal é moi limitado.

Buscando información nos concellos como o de Santiago, Vigo ou o de A Coruña, entre outros, moitos deles non establecen ningunha restrición pero se o fan, establecen límites moito menos restrictivo aos que o Concello de Padrón estableceu hai uns meses.

En Veciños de Padrón consideramos que non podemos permitir, sempre e cando o que realmente

busquemos é que se recicle e se coide o medio ambiente, que a cidadanía que se preocupa en levar os seus restos, no seu coche a un punto limpo, indíqueselle que só pode depositar determinadas cantidades e que o resto as ten que levar de volta.

De non facer algo para cambiar esta restrición nas cantidades estaremos a impedir unha reciclaxe adecuada dos residuos e favorecendo unha vertedura incontrolada destes restos en lugares inapropiados e prexudiciais para o medio ambiente , ademais de desmotivar á veciñanza para usar os devanditos servizos.

En Veciños de Padrón ademáis consideramos fundamental que desde o Concello ofrézase unha información clara e que resalte a gratuidade do servizo para que a cidadanía anímese a reciclar.

Nestes momento na web do concello a pesar da súa recente inauguración, non hai información algunha sobre a localización, horario, teléfono, limitacións de cantidades, etc, do punto limpo o cal, consideramos non favorece a potenciar o seu uso.

A maiores indicar que a proximidade e o fácil acceso dos puntos limpos ás diferentes poboacións incentiva a reciclaxe entre a veciñanza polo que cremos que se debe valorar a toma de medidas neste sentido.

Non podemos obviar que no Concello de Padrón, o punto limpo atópase na parroquie da Escravitude, nun sitio un tanto afastado e ao que só se pode acceder en automóbil, o cal complica a reciclaxe por parte da cidadanía.

Noutros Concellos para facer fronte a esta situación optaron por ofrecer o servizo dun “punto limpo móbil”.Trátase dun vehículo equipado con colectores adecuados para recoller determinados residuos especiais de orixe doméstica como: aceite vexetal usado, pinturas, disolventes e aerosois, baterías de vehículos, pequenos aparellos eléctricos e electrónicos, pilas, fluorescentes, roupa e calzado usados, cartuchos de tinta e tóner, e medicamentos sobrantes, caducados ou os seus envases. Estes residuos polas súas características non deben depositarse noutros colectores.

A elección das localizacións onde instalar os puntos limpos móbiles realizouse noutros Concellos buscando que a maioría da poboación teña un á súa disposición, un día fixo por semana, a menos de 500m.

Por último poñemos en relevo outra cuestión que consideramos importante en relación a este tema: a inexistencia en Concellos limítrofes como Rois e Dodro dun punto limpo. Ao noso entender esta situación prexudica ao medio ambiente da zona, xa que por proximidade os residuos poden ser depositados nos montes e ríos da Comarca do Sar e por iso consideramos que se debe valorar a posibilidade de compartir un punto limpo comarcal.

Por todo o anteriormente exposto propoñemos os seguintes acordos:

- 1.- Que se valore eliminar as restricións en canto ás cantidades para depositar no punto limpo ou canto menos establézanse esas cantidades como máximas mensuais.
- 2.- Que se inclúa na páxina web do Concello información sobre o punto limpo: localización, horarios, teléfonos, limitacións de habelas, etc e deixando claro que é un servizo gratuíto.
- 3.- Que se valore incluír na licitación do contrato do lixo a prestación do servizo dun punto limpo móbil.
- 4.- Que se valore a posibilidade de crear un punto limpo conxunto cos Concellos de Rois e Dodro.

En Padrón, a 16 de xaneiro de 2018



Dona Teresa Rey Pazos

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PADRÓN